



FACULTADE DE FILOLOXÍA

ENQUISAS DE ELABORACIÓN PROPIA

Enquisa de satisfacción do estudantado co TFG
Grao en Lingua e Literatura Galegas
(2021-2022)


Ficha técnica da enquisa

Deseño do cuestionario	Facultade de Filoloxía
Universo	Estudantado do Grao en Lingua e Literatura Galegas
Curso de realización	2021/2022
Forma de realización	Enquisa virtual
Traballo de campo	Facultade de Filoloxía
Número de cuestionarios cubertos	12


As porcentaxes deste documento están redondeadas.

Datos xerais


1. Que modalidade cursaches no teu grao?



2. Módulo complementario que cursaches?




3. Módulo optativo que cursaches?




4. En que oportunidade defendiches o TFG?

Oportunidade	nº	%
Febreiro	0	0%
Xullo	11	92%
Setembro	1	8%
Outras	0	0%




5. En que convocatoria defendiches o teu TFG?

Convocatoria	nº	%
Primeira	10	83%
Segunda	2	17%
Terceira	0	0%
Outras	0	0%



6. Se non o defendiches na primeira convocatoria, que dificultade tiveches para non poder facelo na primeira?



7. Indica que sistema de avaliación escolliches.

Respostas 2 (incluír esta pregunta antes)


Avaliación polo/a titor/a	0
Avaliación polo/a titor/a e tribunal	2

Competencias desenvolvidas na realización do TFG

8. En que medida consideras que a realización do TFG che permitiu acadar as seguintes competencias?

(sendo 1 "nada de acordo" e 5 "moi de acordo").

Respostas 2




9. Cres que habería que engadir algunha competencia máis que conseguiches coa elaboración do teu TFG? Cal?

0 respostas


Opinións sobre a realización do teu TFG

10. Expressa a túa opinión en relación co tempo dedicado a cada actividade (en cada unha delas aparece o tempo asignado a cada actividade na memoria do título de grao)


Respostas 12



11. Se participaches na actividade "Obradoiros do TFG", resultouche útil?




12. Indica que actividades formativas realizaches en relación coa elaboración do TFG e en que nivel de intensidade.




13. Que outras actividades formativas cres que serían importantes e útiles para o estudantado que ten que elaborar o TFG?

Quizais era mellor deixarse de actividades formativas que moitas nin sequera chegamos a saber delas e facer as cousas mellor e máis claramente. Non entendo por que non hai un modelo para presentar o TFG máis alá das indicacións básicas, literalmente volvémonos tolas para saber en que orde tiña que ir todo. Tampouco me parece ben que non se avise de que o resumo ten que estar en galego, inglés e castelán ata que se entrega na secretaría. O que falta aquí é comunicación clara entre a facultade, o profesorado e o alumnado; non pode ser que un titor teña menos información que a alumna titorizada.
Promoción da actitude crítica perante o obxecto de estudo e a bibliografía que o aborda

14. Preferirías que o TFG fose unha materia coma as demais do grao (con horas de docencia impartida por profesorado da titulación)?



15. Preferirías outra alternativa en vez de ter que facer o TFG?



16. Que outra alternativa propoñerías en vez do TFG que fose importante para a túa formación académica e que avaliase as competencias adquiridas ao final da carreira?

Non creo que se avaliasen verdadeiramente as miñas competencias. A alternativa que propoño é literalmente ningunha.


Prácticas formativas obrigatorias ou a elaboración dun proxecto non académico.

Prácticas con valor de 12 créditos.


Unha valoración persoal do que cada materia aportou á formación, valorando o contido, o xeito de impartila, etc., podendo así ofrecer unha panorámica do aprendido no grao.

Dedicación do/a titor/a

17. Na túa opinión, o tempo de dedicación do/a titor/a que marca a Normativa da Programación académica anual do curso 2020-2021, 10 HORAS DE TRABAJO, é:




18. Consideras que as reunións presenciais ou virtuais que tiveches co/a teu/túa titor/a foron



Información proporcionada polo centro


19. Valora a túa satisfacción cos seguintes aspectos relacionados coa información proporcionada sobre o TFG polo centro.

(sendo 1 "nada satisfeito" e 5 "moi satisfeito")



20. En caso de que consideres que a información proporcionada polo centro é insuficiente ou non é de utilidade, cal é o motivo?


(marca unha ou varias)




Satisfacción global na realización do TFG

21. En que medida estás de acordo coas seguintes afirmacións?

(sendo 1 "nada de acordo" e 5 "moi de acordo").



22. Consideras que a realización do TFG foi útil para a túa formación?



23. Indica por que respondiches SI ou NON na pregunta anterior.

Respostas 9

Porque me permitiu poñer en relación moitos dos conceptos estudados durante a carreira

Creo que aprendín moito do tema a verdade.

Foi útil porque aprendín cousas, pero tampouco vexo ben que eu aumente a miña formación sociolingüística e outra xente aumente a súa formación literaria, por exemplo. Paréceme que queda un pouco descompensado e deberíamos recibir esta formación nas aulas, quizais con máis materias.

Permite ampliar coñecementos sobre algúns aspectos que poden interesarche da carreira e investigar sobre eles

aínda que estaba familiarizado co tema e coa bibliografía, o titor axudoume moito a levar os meus coñecementos por un camiño teórico-metodolóxico concreto

Foi un traballo duro, pero mellorei as miñas competencias en diversos aspectos.

Porque puiden coñecer mellor o que é o traballo investigador e o que representa culminar catro anos de grao.

Permitíume realizar un traballo máis profundo que os traballos doutras materias (xa que nas outras materias non hai tempo como para facer traballos tan complexos). Puiden investigar sobre temas que non se abordaron ao longo da carreira e aplicar coñecementos adquiridos nestes catro anos.

Pola autonomía, paréceme un bo colofón á nosa traxectoria polos estudos universitarios: o comezo é guiado e pautado e pouco a pouco a autonomía crece até que es quen de culminar cun traballo titorizado pero autónomo, de libre creación e dunha extensión considerable, maior a traballos de curso previos.

24. A continuación engade calquera comentario que consideres pertinente sobre a realización do teu TFG.

Respostas 4

Baixo o meu punto de vista, penso que hai unha salto cualitativo moi grande entre os traballos académicos do curso e o tfg. Na miña opinión, os profes son pouco esixentes na formación e o tfg é un traballo que require moito tempo e tamén ten máis dificultade. Isto ocasiona que, a pesar de que considere que sempre se tire a nota para arriba, os traballos non sempre sexan de grande calidade.

Xa engadín anteriormente, pero continúo. Paréceme unha xestión bastante cuestionable en moitas cousas. A primeira delas é que teñamos que facer un resumo practicamente inamovible en outubro-novembro cando o traballo non está empezado (máis tendo en conta que sempre se nos di que os resumos e as introducións fanse unha vez estea rematado o traballo); outra queixa con respecto do resumo é que para modificalo haia que solicitálo con 10 días de antelación, é un tempo moi extenso tendo en conta que xa o revisa o titor e o decanato só ten que poñerlle un selo (podedes dicirme o que queirades, pero sei que é un mero trámite administrativo e non o ledes detidamente, parva tampouco son). Non sei onde están establecidas as horas esas de traballo, lectura e tal, pero paréceme ridículo que se nos pregunte por elas, xa que a maior parte da xente nin ten constancia desa división nin moito menos a segue, cada unha ten os seus tempos (eu, por exemplo, fixen todo nun mes, sei perfectamente que non foron 300h de traballo). Outra queixa que xa indique previamente é que non dispoñemos dun modelo para saber ao 100% como ten que estruturarse o TFG; tampouco temos o formato, o tipo de letra e, aínda que isto nos dá liberdade, tampouco nos fai sentir seguras para usar, por exemplo, calibri, un tipo de letra académico, pero que semella estar máis desaconsellado ca times New roman... Creo que era a última queixa pola miña parte, non lembro se algunha máis.

O tribunal que me foi atribuído non era o adecuado, non coñecían o cadro teórico-metodolóxico, un dos membros non ten publicacións nin docencia sobre nada parecido, e fíxose evidente a súa incompetencia na quenda de preguntas: comezou cunha valoración subxectiva "o tema abúrreme profundamente, o teu traballo non me interesa en absoluto", e non fixo ningunha pregunta relacionada co desenvolvemento do traballo nin coa defensa, senón que cuestionou a validez da hipótese de partida (a mesma que precisamente o traballo se dedicou a avaliar, sendo innecesarios xuízos apriorísticos e emocionais). Outro dos membros durmiuse durante a defensa para despois preguntarme cousas cuxa resposta acababa de dar eu na presentación. Finalmente, cando acabei de responder unha pregunta, o terceiro membro díxome que a miña resposta contradecía a miña propia tese "pero non temos máis tempo, acabouse".

Non é exactamente sobre a súa realización, pero non deixei que se subise o meu TFG a Minerva porque non me gustaba que un documento co meu DNI estivese subido a internet.

Competencias desenvolvidas ó longo dos teus estudos de grao

25. En que medida consideras que nos teus estudos de grao acadaches as seguintes competencias xerais recollidas na Memoria para a verificación do título de Grao en Lingua e Literatura Galegas?

(sendo 1 “nada de acordo” e 5 “moi de acordo”)


Respostas 12



26. En que medida consideras que nos teus estudos de grao acadaches as seguintes competencias específicas recollidas na Memoria para a verificación do título de Grao en Lingua e Literatura Galegas?

(sendo 1 “nada de acordo” e 5 “moi de acordo”)

Respostas 12



27. Cres que faltaría algunha competencia por engadir? Cal?


Habería que reforzar a literatura para que tivéssemos verdadeiras competencias nela. Tampouco lle miro sentido a englobar lingua e literatura neste cuestionario, eu en lingua poría un 4-5 de formación, pero en literatura un 1 porque non estou nada formada.

En xeral, non se ensina a analizar textos literarios de maneira crítica, dáse por sentado que xa o sabemos facer.

28. Realizaches algunha mobilidade/estadía noutra universidade? De que tipo?

Respostas 12


SICUE	0
ERASMUS	1
Outros convenios (bilateral)	0
Non realicei ningunha	11



29. Se NON a realizaches, a que se debeu?


(Marca unha ou varias opcións).

Respostas 11



30. Realizaches a materia Prácticas en empresas?

Respostas 12



31. Se NON a realizaches, a que se debeu?

Respostas 8

Excesivo tempo e pouca recompensa
Creo que non se promociona o suficiente a súa oferta ou non é unha oferta moi atractiva
Non se nos informou debidamente sobre as prácticas e foi todo bastante caótico polo que comentou a xente que si que as realizou. Ademais, tendo unha materia a maiores este cuadrimestre tampouco me vin capaz para xestionar ben o tempo.
Pouca oferta de prazas e desinformación
descoñecemento
Descoñecemento
Falta de información
Descoñecía que se puidesen levar a cabo